


CATÁLOGO FLORÍSTICO ÁRBORES

- 1 *Acacia melanoxylon*/Acacia de Madeira Negra
- 2 *Acer palmatum*/Pradairo Palmado Xaponés
- 3 *Acer pseudoplatanus*/Pradairo Branco
- 4 *Aesculus hippocastanum*/Castiñeiro das Indias
- 5 *Alnus glutinosa*/Ameneiro
- 6 *Araucaria angustifolia*/Araucaria do Brasil
- 7 *Arbutus unedo*/Érbedo
- 8 *Betula alba*/Bidueiro
- 9 *Camellia japonica*/Camelia
- 10 *Casuarina equisetifolia*/Casuarina con Folla de Equiseto
- 11 *Catalpa bignonioides*/Árbore das Trompetas
- 12 *Cedrus atlantica*/Cedro do Atlas
- 12* *Cedrus atlantica* 'Glaucá'/Cedro Azul
- 13 *Cedrus libani*/Cedro do Libano
- 14 *Cephalotaxus drupacea* 'Fastigiata'/Cefaloteixo Fastixiado
- 15 *Cercis siliquastrum*/Árbore do Amor
- 16 *Cinnamomum camphora*/Alcanforeiro
- 17 *Citrus aurantium*/Laranxo Ácedo
- 18 *Cordylone australis*/Cordilina de Nova Zelandia
- 19 *Corylus avellana*/Aveleira
- 20 *Crataegus monogyna*/Espinho Albar
- 21 *Cryptomeria japonica*/Criptoméria
- 21* *Cryptomeria japonica* 'Elegans'/Criptoméria Elegante
- 22 *Cunninghamia lanceolata*/Cunningamia Lanceolada
- 23 *Cupressus lusitanica*/Ciprés de Portugal
- 24 *Chamaecyparis lawsoniana*/Cameciparis de Lawson
- 25 *Chamaecyparis pisifera*/Cameciparis Sawara
- 26 *Eucalyptus globulus*/Eucalípto
- 27 *Euonymus japonica*/Boneteiro Xaponés
- 28 *Fagus sylvatica*/Faia
- 29 *Fraxinus excelsior*/Freixo Común



CATÁLOGO FLORÍSTICO ÁRBORES


- 30 *Ginkgo biloba*/Xinkgo
- 31 *Ilex aquifolium*/Acibo
- 32 *Juglans regia*/Nogueira
- 33 *Lagerstroemia indica*/Árbore de Xúpiter
- 34 *Laurus nobilis*/Loureiro
- 35 *Liquidambar styraciflua*/Árbore do Estoraque
- 36 *Liriodendron tulipifera*/Tulpeiro de Virxinia
- 37 *Magnolia grandiflora*/Magnolia de Flor Grande
- 38 *Melaleuca armillaris*/Melaleuca con Folla de Erica
- 39 *Morus alba* 'Pendula'/Moreira Branca Péndula
- 40 *Myrtus communis*/Mirto
- 41 *Olea europaea*/Oliveira
- 42 *Paulownia tomentosa*/Paulownia Imperial
- 43 *Picea abies*/Árbore de Nadal
- 44 *Pittosporum tobira*/Pitóspero Tobira
- 45 *Platanus x acerifolia*/Plátano de Sombra
- 46 *Prunus laurocerasus*/Loureiro Real
- 47 *Prunus pissardii*/Ciroleira de Pissard
- 48 *Pseudotsuga menziesii*/Douglasia Verde
- 49 *Psidium cattleianum*/Guaibabo de Catley
- 50 *Quercus robur*/Carballo
- 51 *Quercus suber*/Sobreira
- 52 *Rhododendron ponticum*/Rododendro do Ponto
- 53 *Sorbus aria*/Mostallo
- 54 *Taxus baccata*/Teixo
- 55 *Tetrapanax papyriferum*/Tetrapanax do Papel
- 56 *Thuja plicata*/Tuia Xigante
- 57 *Thujopsis dolabrata*/Falsa Tuia
- 58 *Tilia cordata*/Tileiro de Folla Pequena
- 59 *Tilia platyphyllos*/Tileiro de Folla Grande
- 60 *Tilia tomentosa*/Tileiro Prateado

O valor paisaxista do Parque-Xardín deriva da coexistencia, equilibrada e harmónica, coa Carballeira e o Río Umia; compartimentos que configuran un recinto urbano de singular beleza. O seu interese xardinístico estriba na súa dimensión de xardín histórico, avalado por un deseño estrutural decimonónico, de estilo inglés, con intervencións posteriores -resultante da ordenación e relación entre elementos e partes (paseos, cadros, setos, plazuelas, estatuas, fontes, estanques, escaleiras, bancos, farolas, plantas, instalacións; co mirador fluvial como protagonista principal)-, que chega ata o presente manténdose fiel ó modelo fundacional.

Ten o Parque-Xardín na flora que alberga o seu tesouro máis sobranceiro, caracterizado pola súa diversidade, que supera o centenar de especies, entre árbores, arbustos e herbáceas; e a súa monumentalidade, vinculada á presenza de individuos pertencentes ó plantío orixinal. Da notable colección, chama poderosamente a atención o arborado, aillada e grupalmente; en especial, as cunningamias, os eucalíptos, as criptomérias, as casuarinas, os plátanos de sombra, os cedros, as magnolias grandifloras, os tulpeiros virxinianos, as tuias xigantes, os tileiros, as araucarias do Brasil, as camelias, as árbores de Nadal, os rododendros do Ponto, as melaleucas, os loureiros reais, o pradairo palmado, a douglasia verde, o cameciparis de Lawson, a falsa tuia, o ciprés de Portugal, o pitóspero Tobira, a paulownia, o alcanforeiro e a árbore do amor.

A historia do Parque-Xardín está ligada ó termalismo local. Coa referencia dun largo presente -que pouco aportou á súa imaxe, significado e funcionalidade- e a lembranza dun pasado mellor, este establecemento, aproveitando o renacemento das augas termais, ten ante si un porvir moi prometedor, ó amparo dun proxecto no que participan o Concello caldense, e outras entidades e persoas.


A aposta de futuro pasa pola incorporación dun novo cometido, de carácter educativo-cultural, que completa o tradicional uso lúdico-recreativo desempeñado ata o de agora. Empresa que leva implícita unha recuperación fisionómica respectuosa coa súa historia, necesita un equipamento axeitado e conta co compromiso unánime dos distintos sectores (escolar, profesional, social), compoñentes da cidadanía caldense.



Texto:
CARLOS RODRIGUEZ DACAL
Deseño e Plano:
CARLOS RODRIGUEZ DACAL
e CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE



Concellería de Medio Ambiente,
Sanidade e Rural
CONCELLO DE CALDAS DE REIS



O Parque - Xardín de Caldas de Reis

O termalismo, na segunda metade do século XIX, é o motor fundamental do proceso de modernización urbana caldense, que medra e progresa en torno ó auxe experimentado durante esta época por dito fenómeno de hidroterapia social. Coincidindo coa expansión poboacional, aparece o seu espazo axardinado máis emblemático: o Parque-Xardín e a Carballeira. 1883 constitúe un ano clave para dar satisfacción ás aspiracións dun pobo preocupado pola potenciación dos espazos lúdico-recreativos, para disfrute e beneficio propio, e de toda a afluencia de xente que, tódolos veráns, ocupa os seus balnearios.

25.000 pesetas é o prezo que paga o Concello por merca-la propiedade do Conde de Canillas. Nesta finca, ademais do campo da feira, asilo e escolas, proxéctase a construción de dito establecemento arquitectónico, botánico e natural. Obra que se materializa ó ano seguinte, baixo un deseño de estilo paisaxista, con matices xeométricos, asinado por Francisco Alcarraz, enxeñeiro agrónomo e director da Escola Provincial de Agricultura de Pontevedra.

Despois de cen anos, o Parque-Xardín chegou ata a actualidade mantendo o plantexamento creativo orixinal, modificado como consecuencia da execución de procesos de restauración, acondicionamento e mellora. Entre as actuacións máis chamativas, menciona-lo reformateo experimentado polos cadros -sobre de todo na metade inferior, próxima ó río, que obedece á finalidade de apertura de novas plazuelas- e a reestructuración do mirador fluvial, un dos lugares máis xenuinos.

O momento cume da súa historia secular é a consecución dun título que o converte nun dos xardíns máis sobranceiros de Galicia e de España: a súa declaración como Paraxe Pintoresco. Este acontecemento está recollido no Decreto 2227, do 5 de Setembro de 1962 (BOE, do 7 de Setembro), asinado por Francisco Franco, e aprobado en Consello de Ministros celebrado no Pazo de Meirás. A ningún se lle escapa que a declaración inclúe o conxunto formado polo Parque-Xardín e a Carballeira, enclave xeográfico de gran entidade histórica, artística e botánica; ésta última, na súa triple vertente paisaxística, xardinística e florística.